

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
<b>CÓDIGO</b>	
<b>MATERIA</b>	Historia e teoría da literatura dramática
<b>DISCIPLINA</b>	Literatura Dramática III
<b>TITULACIÓN</b>	Titulación Superior en Arte Dramática
<b>ESPECIALIDADE</b>	Interpretación
<b>ITINERARIO</b>	
<b>CURSO</b>	2º
<b>CRÉDITOS ECTS</b>	3,5 créditos
<b>CARÁCTER</b>	
<b>DEPARTAMENTO</b>	Teoría e historia das artes escénicas
<b>CENTRO</b>	ESAD de Galicia
<b>COORDINADOR/A</b>	Carmen Abizanda Losada
<b>DOCENTES</b>	<b>Nome e apelidos:</b> Carmen Abizanda Losada <b>Horario titorías:</b> <a href="https://esadgalicia.com/curso-escolar/">https://esadgalicia.com/curso-escolar/</a> <b>Despacho:</b> D4 <b>Contacto:</b> <a href="mailto:carmenabizanda@edu.xunta.gal">carmenabizanda@edu.xunta.gal</a>
<b>DESCRICIÓN</b>	Estudo dos principais textos e autores relevantes do período da literatura dramática universal considerado, atendendo ao momento histórico en que se crearon, ao seu contido, forma e xénero e tendo en conta a especificidade das competencias do perfil profesional do/da intérprete.
<b>COÑECEMENTOS PREVIOS</b>	Competencias básicas adquiridas na materia de Teoría e análise dramática. Faise necesario superar a Literatura Dramática I para poder ser avaliado da Literatura Dramática II e da Literatura Dramática III
<b>LINGUA EN QUE SE IMPARTE</b>	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/>
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
<b>T1</b>	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
<b>T2</b>	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
<b>T3</b>	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
<b>T8</b>	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
<b>T9</b>	Integrarse adecuadamente en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos.
<b>T14</b>	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
<b>T15</b>	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
<b>X1</b>	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.
<b>X3</b>	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
<b>X5</b>	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.

<b>X6</b>	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.	
<b>X7</b>	Valorar a Arte Dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas que comparte obxectivos e retos.	
<b>COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE</b>		
<b>EI5</b>	Concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.	
<b>EI6</b>	Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica.	
<b>3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA</b>		<b>COMPETENCIAS VINCULADAS</b>
1. Lectura comprensiva e analítica dos textos das épocas correspondentes.		T8, X3, EI6
2. Comprensión dos factores sociais, estéticos e literarios que sustentan as creacións dramáticas de cada autor		T2, X6
3. Identificación dos autores e movementos, distinguindo os trazos singulares das súas obras e os discursos dramáticos vinculados.		T2, T8
4. Desenvolvemento da capacidade crítica aplicada á lectura e valoración das creacións literarias.		T8, X3
5. Expresión precisa e técnica das propias ideas en relación cos textos, tanto oralmente como por escrito.		T1, T8
6. Análise comparativa de textos, da mesma corrente ou de correntes diferentes, e de manifestacións artísticas diversas.		T15, T14
7. Dominio da metodoloxía de investigación bibliográfica, incorporando as novas tecnoloxías e facendo un uso adecuado das mesmas.		T3, X1
8. Interpretación da obra dramática de xeito aplicado á especialidade de interpretación.		X5, EI5
9. Participación activa en presentacións e debates, defendendo con rigor as súas ideas propias, fomentando o respecto e a escoita das ideas alleas.		EI5, T8, X3, T9, X7
10. Estimulación da autonomía de traballo e o interese persoal polas materias tratadas.		T1, EI6, T2, X1, X7
<b>4. CONTIDOS</b>		
<b>TEMAS</b>	<b>SUBTEMAS</b>	<b>SESIÓNS</b>
1. A dramaturxia contemporánea. Drama poético e posdrama. Hacia un novo concepto do personaxe.	1.1 Tendencias escénicas en Francia. 1.1.1 O teatro poético de Bernard-Marie Koltés 1.1.2 Michel Vinaver. 1.1.3 Os novos dramaturgos franceses. 1.1.3.1 Enzo Cormann. 1.1.3.2 Laurent Gaudé. 1.2. Teatro en lingua alemana. Heiner Müller, Botho Strauss e Peter Handke. 1.3. Dramaturgos norteamericanos: Albee e Mamet. 1.4 Italia. O posicionamento crítico de Dario Fo.	12h.
2. A literatura dramática última. Inglaterra. A renovación do teatro europeo.	2.1 Teatro inglés. 2.1.1 Harold Pinter. 2.1.2 Caryl Churchill. 2.1.3 Sarah Kane. O movemento In Yer Face.	11h.

3. A escena española recente. Posguerra, ditadura e nova dramaturxia.	3.1 A posguerra e a ditadura. 3.2 . A renovación da escrita. Sanchis Sinisterra, José Luis Alonso de Santos e Ignacio Amestoy. 3.3 Os dramaturgos dos 90.	10h.
4. A dramaturxia galega. A xeración Abrente e o teatro posterior.	4.1. O grupo Abrente: 4.1.1 Manuel Lourenzo. 4.1.2 Euloxio R. Ruibal. 4.1.3 Roberto Vidal Bolaño. 4.2. Autores dos oitenta. 4.3. A xeración dos noventa.	12h.
<b>TOTAL SESIÓNS</b>		<b>45h.</b>

**5. PLANIFICACIÓN DOCENTE**

Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias	5		5
Exposición maxistral	10		10
Exposición práctico-teórica	7		7
Práctica individual	5		5
Práctica colectiva	8		8
Obradoiro			
Seminarios			
Actividades complementarias (Lectura e análise individual)		60	60
Outros			
Titorías individuais	5		5
Titorías de grupo			
Actividades de avaliación. Probas			
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	5		5
Actividades de avaliación. Revisión			
<b>TOTAL</b>	<b>45</b>	<b>60</b>	<b>105</b>
<b>PORCENTAXE</b>	<b>40%</b>	<b>60%</b>	<b>100%</b>

**6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE**

Actividades	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encaminadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado así como a presentar a materia.
Exposición maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices de traballo e aspectos básicos para o debate co fin de proporcionar na aula os contidos conceptuais mínimos da disciplina.
Lectura e análise individual	Interpretación persoal e rigurosa dos textos de lectura obrigatoria. O alumno deberá tomar nota dos aspectos e impresións que lle suxira a lectura co obxectivo de reflexionar sobre eles e de utilízalos para a posta en común. Debe, ademais, ter especialmente en conta a análise dos elementos de significación do texto proposto polo docente para a súa lectura.
Posta en común colectiva na aula	O alumno deberá mostrar as súas percepcións con respecto ás pezas lidas e con respecto ós contidos concretos que presente o docente.
Traballos práctico-teóricos de creación	A partir do material presentado, o alumno deberá desenvolver traballos prácticos que redunden nun mellor aproveitamento dos coñecementos

	adquiridos e tamén dos autores estudados.	
Actividades de avaliación	O alumno deberá ser avaliado polos traballos de aula, polas análises semanais das pezas obrigatorias a través das notas de lectura e por un comentario crítico sobre unha peza de obrigada lectura.	
<b>7. ATENCIÓN PERSONALIZADA</b>		
Titorías	Os alumnos contan cunhas titorías de apoio semanais, sen perxucio de que se fagan encontros co profesor cando o alumno así o requira. O profesor tamén estará en contacto con eles a través do enderezo electrónico.	
Corrección e comentarios	Os alumnos poderán contrastar as súas análises co profesor todas as semanas. Cada unha delas traballarán sobre unha peza distinta do periodo da literatura obxecto de estudo, contrastándoo a con outras pezas do mesmo autor o doutros pertencentes ao mesmo movemento.	
<b>8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN</b>		
<b>8. 1 Avaliación ordinaria</b>		
<b>Ferramenta / actividade</b>	<b>Competencias avaliadas</b>	<b>Ponderación</b>
<p>Aqueles alumnos que teñan dereito a avaliación continua realizarán no marco das clases os traballos prácticos de aula, os traballos individuais e máis grupais e un comentario crítico sobre unha das pezas de obrigatoria lectura. O alumno deberá presentar na data marcada pola docente un diario coas notas que individualmente tomou da lectura das obras. Valorarase especialmente a participación activa na clase e nos debates que xurdan das análises das pezas obrigatorias.</p> <p><b><u>Obras de lectura obrigatoria:</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-<i>A noite xusto antes dos bosques</i> de Koltés.</li> <li>-<i>A petición de emprego</i> de Michel Vinaver.</li> <li>-<i>Sigue la tormenta</i> de Enzo Cormann.</li> <li>-<i>Cinzas nas mans</i> de Laurent Gaudé.</li> <li>-<i>El portero</i> de Harold Pinter.</li> <li>-<i>Kaspar</i> de Peter Handke.</li> <li>-<i>Morte accidental dun anarquista</i> de Darío Fo.</li> <li>-<i>Lonxe</i> de Caryl Churchill.</li> <li>-<i>Degoiro</i> de Sarah Kane.</li> <li>-<i>Un sueño árabe</i> de Roland Schimmelpfening.(*)</li> </ul>	T1, T2, T3, T8, T9, T14, X1, X3, X5, X6, X7, EI5, EI6	80%

<p>-Y los peces salieron a combatir contra los hombres de Angélica Lidell.</p> <p>-Himmelweg de Juan Mayorga</p> <p>-¡Haberlos quedado en casa, capullos! de Rodrigo García.</p> <p>-Aquelas cousas do verán de Manuel Lourenzo.</p> <p>-O cabodano de Euloxio R. Ruibal.</p> <p>-Animaliños de Roberto Vidal Bolaño.</p> <p>-Footing de Gustavo Pernas.(*)</p> <p>Nestes dous últimos bloques agrúpanse tres lecturas pertencentes a unha mesma xeración literaria. Cada grupo de alumnos deberá elixir de cada bloque unha delas.</p> <p>Os textos marcados con asterisco constitúen lecturas de apoio de carácter non obrigatorio.</p> <p>Os alumnos que non teñan superada algunha das probas necesarias deberán realizar un exame na data e hora da convocatoria ordinaria.</p> <p>Tamén se terá en conta a participación en clase de xeito que estará reflectida na nota final.</p>	<p>T1, T8, T15, X1, X5</p>	<p>20%</p> <p><b>Total: 100%</b></p>
<p><b><u>Descrición sintética:</u></b></p> <p>Exercicios teórico-prácticos de creación (Exercicios de aula).</p> <p>Análise e exposición oral na aula sobre as pezas dramáticas co apoio das notas tomadas polo alumno durante a lectura.</p> <p>Comentario crítico dunha peza de obrigada lectura.</p>	<p>X1, X5, X7, EI5, T1, T8</p> <p>T2, T3, T8, T14, T15, X1, X3, X5, X7, EI6</p> <p>T1,T2,T3, T14, X1, X6, X7</p>	<p>25%</p> <p>30%</p> <p>25%</p>

Participación.	T1, T8, T15, X1, X5	20%
<b>Total: 100%</b>		
<b>8.2. Avaliación extraordinaria</b>		
<b>Ferramenta / actividade</b>	<b>Competencias avaliadas</b>	<b>Ponderación</b>
Na convocatoria de xullo o alumno deberá examinarse dos contidos aos que se refire o temario e tamén deberán facer unha proba de lectura sobre as pezas obrigatorias respondendo a preguntas sobre estes textos. Quen non supere a avaliación ordinaria terá que realizar este exame.	T1, T2, T3, T8, T9, T14, T15, X1, X3, X5, X6, X7, EI5, EI6  Exame	100%
<b>Total: 100%</b>		
O alumno que copie en calquera exame terá automaticamente un suspenso na asignatura.		
<i>Tanto na convocatoria de xuño como na de xullo o alumno deberá establecer unha comunicación previa co docente, mínimo seis semanas antes da data do exame, para aclarar e concretar a estrutura e as particularidades do mesmo.</i>		
<b>8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria</b>		
<b>Ferramenta / actividade</b>	<b>Competencias avaliadas</b>	<b>Ponderación</b>
Os estudantes que perdan o dereito a avaliación continua por ausentarse a máis dun 10% das horas da materia deberán someterse a exame na convocatoria de xuño. Este consistirá en preguntas sobre os contidos aos que se refire o temario e sobre as lecturas obrigatorias.	T1, T2, T3, T8, T9, T14, T15, X1, X3, X5, X6, X7, EI5, EI6  Exame	100%
<b>Total: 100%</b>		
<b>9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS</b>		
<p>Referencias básicas</p> <p>Ruiz Ramón, Francisco (2007) <i>Historia del teatro español del siglo XX</i>. Madrid. Cátedra.</p> <p>Huerta Calvo, Javier (2003) <i>Historia del teatro español</i>. Madrid. Gredos.</p> <p>Ragué Arias, M<sup>a</sup> José <i>El teatro del fin de milenio en España (1975 hasta hoy)</i>. Barcelona. Ariel</p> <p>Lehmann, Hans-Thies (2013) <i>Teatro posdramático</i>. Madrid. Cendeac.</p> <p>Del Monte Martínez, Fernanda (2015) <i>Territorios textuales en el teatro denominado posdramático</i>. Bilbao. Artezblai.</p> <p>García Barrientos Jose-Luis (2014) <i>La razón pertinaz. Teoría y teatro actual en español</i>: Bilbao. Artezblai</p> <p>Garnier, Enmanuelle (2016) <i>Antología de teorías teatrales</i>: Bilbao. Artezblai.</p> <p>Herrerías Enrique (2016) <i>Notas y contranotas para una estética teatral</i>: Bilbao. Artezblai.</p> <p>Vieites, Manuel (Cood) (2008) <i>Literatura dramática. Unha introducción histórica</i>. Vigo. Galaxia.</p> <p>Vieites, Manuel (ed.) (1998) <i>Do novo teatro á nova dramaturxia (1965-1995)</i>. Vigo. Xerais.</p> <p>Wellwarth George E.(1974) <i>Teatro de protesta y paradoja</i>. Madrid. Lumen.</p>		

Referencias complementarias

- Diez Puertas Emeterio (ed.) (2019) *Poliedro acerca de Juan Mayorga*: Ediciones Antígona. Madrid.
- Gurpequi, José Antonio (2002) *Estudios sobre teatro en lengua inglesa*. Madrid. Huerga Fierro Editores.
- Leonard e Gabrielle (1996) *Panorámica del teatro español actual*. Madrid. Fundamentos.
- Pavis, Patrice (1998) *Teatro contemporáneo: imágenes y voces*. Chile. Lom Ediciones.
- Romera Castillo José (ed.) (2006) *Tendencias escénicas al inicio del siglo XXI*. Visor Libros. Madrid.
- Sarrazac Jean-Pierre (dir.) (2013) *Léxico del drama moderno y contemporáneo*. México. Pasodiegato.
- VV.AA (1992) *Historia de la literatura* volumen VI. Madrid. Akal.
- Vieites, Manuel (2007) *Cento vinte e cinco anos de teatro en galego*: Galaxia. Vigo.

**10. OBSERVACIÓN / RECOMENDACIÓN**

Calquera traballo escrito ten que manter as normas básicas de presentación, ortografía e redacción.

A asistencia é obrigatoria pero non implica aprobar, senón que hai que acadar uns mínimos avaliábeis.

A copia de material sacado da red ou de outro soporte sen facer referencia explícita a súa procedencia implicará o suspenso na asignatura.

Esta programación pode verse modificada nalgún punto en virtude do desenvolvemento da docencia e os seus imprevistos a criterio do docente avisando o alumnado de ditos cambios.

